



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO PÚBLICO
INTEGRADO de
COVA TERREÑA



PLAN DE BIBLIOTECA

Curso 2025/26

Índice

1.	Organización espacial e temporal	3
2.	Recursos da Biblioteca	3
3.	Formación de usuarias/os	4
4.	Fomento da lectura e outras actividades	4
5.	Outras actuacións	6
6.	Avaliación	7
7.	Recursos humanos	7

A Biblioteca do CPI de Cova Terreña debe ser un centro de referencia de recursos de lectura, de información e da aprendizaxe. A tal fin, as diferentes actividades programadas e levadas a cabo darán apoio ao Plan de Lectura do centro. Así mesmo, a Biblioteca tamén se erixirá como punto de encontro do alumnado, profesorado e familias para mellorar a comunicación, a creatividade e a inclusión dos diferentes colectivos.

1. Organización espacial e temporal

A Biblioteca conta con recursos diversos distribuídos na sala segundo as súas temáticas:

- Libros infantís
- Libros xuvenís
- Libros informativos e divulgativos
- Cómic e banda deseñada

Os libros están organizados segundo a CDU e están codificados por cores para indicar as idades recomendadas.

O chan da Biblioteca está adaptado para poder facer lecturas e acoller ás distintas actividades de dinamización da lectura. Dispón tamén de mobiliario móbil que permite a flexibilidade no seu uso. Contamos con espazo de lectura e ocio e acceso ao patio anexo cando as condicións meteorolóxicas son as axeitadas.

A Biblioteca conta ademais cun espazo propio na Sala de Profesores e as aulas teñen á súa disposición caixas con material para atender a Hora de ler.

Os distintos niveis de Ed. Infantil e Primaria dispoñen dunha sesión semanal para visitar a Biblioteca. O alumnado de Educación Secundaria pode visitar a Biblioteca durante o seu recreo, de 11h a 11h30. Ademais, o espazo está aberto para toda a comunidade educativa en horario de tarde (16h a 18h).

2. Recursos da Biblioteca

Cos fondos da Biblioteca, mercaranse libros destinados ás tres etapas educativas coas que conta o centro (Ed. Infantil, Primaria e Secundaria) para axudar no desenvolvemento do currículo e na adquisición das competencias clave. Tamén se atenderá á diversidade do alumnado para que os recursos comprados atendan ás

súas necesidades. Daráselle servizo tamén ás distintas linguas impartidas no centro (galego, castelán, inglés, francés e portugués).

Por outra banda, intentarase adquirir material para organizar espazos creativos e lúdicos, con organización de diferentes concursos (xogos de mesa, kahoots, ...).

Para promocionar os recursos da Biblioteca, empregarase o panel de novidades, no que se detallan as características e idades recomendadas das novas adquisicións.

Tamén se dispón de equipos informáticos a disposición dos usuarios/as.

3. Formación de usuarias/os

O equipo de Biblioteca realizará sesións de formación sobre o sistema de préstamos e os recursos dispoñibles ao inicio do curso con todo o alumnado de Ed. Primaria para un mellor aproveitamento dos fondos da Biblioteca. Nese momento farase o reparto de carnés para iniciar as visitas semanais. En Ed. Secundaria, ademais de talleres para coñecer a distribución dos fondos e repartir os carnés aos novos usuarios/as, tamén se fará unha sesión explicativa da plataforma E-LBE.2.

Ao longo do curso prevese a realización de talleres e obradoiros de formación de diferentes temáticas de interese para o alumnado, como o lettering, a escrita creativa ou a ilustración.

Dende a Biblioteca tamén se colaborará cos diferentes proxectos de investigación levados a cabo polas diferentes etapas educativas. Para iso, seleccionárase material temático do xa existente e mercáranse os libros relacionados cos diferentes proxectos segundo as peticións recibidas.

4. Fomento da lectura e outras actividades

Para o fomento da lectura contamos cunha serie de actividades diversas que pretenden achegarse ao interese da rapazada. A hora de ler organízase de diferentes maneiras segundo a etapa educativa:

- ✓ Ed. Infantil: o profesorado fará lecturas ao alumnado.
- ✓ Ed. Primaria: Dispoñen de vinte minutos diarios (de 11h20 a 11h40 para a lectura na aula).
- ✓ 1º e 2º Ed. Secundaria: Contan cunha sesión semanal dedicada á lectura ao cargo dos departamentos de Lingua Castelá e Galega, respectivamente.

- ✓ 3º e 4º Ed. Secundaria: De forma diaria, dedícanse 15 minutos á lectura compartida de obras seleccionadas para o seu traballo posterior en sesión de tutoría. O tempo de lectura rota de forma semanal nas distintas franxas horarias.

Para atender os distintos momentos de ler, a biblioteca pon a disposición dos usuarios exemplares en diferentes formatos, tanto físicos como dixitais (a través da plataforma E-LBE.2).

Ademais da hora de ler, organízanse diferentes accións encamiñadas ao fomento da lectura:

- ➔ Lectura compartida entre todo o alumnado do centro, o 11 de novembro e o 23 de abril, onde o alumnado maior apadriña á rapazada máis nova. Celebraranse durante os recreos (de Ed. Secundaria e Primaria respectivamente).
- ➔ Club de lectura de alumnado e adultos: Tratarase de realizar grupos temáticos que dean cabida ás diferentes inquedanzas dos integrantes. Tamén se tratará de realizar rutas literarias.
- ➔ Mochila viaxeira: en Ed. Infantil e Primaria circularán as mochilas viaxeiras, que ademais de fomentar o gusto pola lectura en familia, permite reducir as desigualdades sociais. En Ed. Secundaria circularán, baixo petición, as mochilas temáticas de París e Xapón.
- ➔ Conmemoración de datas sinaladas, con exposicións e concursos: Samaín (lectura e concurso de microrrelatos de medo, en colaboración co EDLG), Nadal (elaboración de postais de nadal), Día da Paz, Día da Muller, Letras Galegas,...
- ➔ Adquisición de material de interese para o alumnado, solicitado a través do buzón de suxestións, que permitan despertar o gusto pola lectura. Tamén se aproveitarán as dotación para adquirir máis bibliografía relacionada coa inclusión, igualdade de xénero e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- ➔ Visita de autores e autoras dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura (Bieito Ledo, Viqueira, Iria Misa, etc.). Solicitarase de novo a axuda do Ministerio de Cultura que sufraga os gastos da visita dun autor.
- ➔ Familias contacontos: Invitarase ás familias a facer de contacontos con motivo do Día do Libro. Serán benvidas tamén ao longo do ano, segundo a organización dos propios docentes.
- ➔ Guía de lecturas para todos os niveis educativos polo nadal, que inclúe clásicos e novidades editoriais.

- ➔ Buscas do tesouro, de forma trimestral, sobre a mitoloxía de diferentes lugares. O obxectivo é a alfabetización informacional e a aproximación a diferentes culturas a través dos seus mitos.
- ➔ Reto lector Percy Jackson: Concurso individual sobre o libro coa realización dun Kahoot en maio.

5. Outras actuacións

Ademais do xa comentado con anterioridade, o presente curso potenciarase o programa de voluntariado do alumnado de Ed. Secundaria, que realiza as súas actividades durante os recreos. Puntualmente, poderanse facer actividades en horario de tarde. Incrementaranse as tarefas e responsabilidades asignadas, o que lle permitirá gañar en autonomía e seguridade en si mesmos. Este curso, proporáselle facer sesións de contacontos co alumnado de Ed. Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria, comezando coa celebración do Samaín. Ao seu cargo estará a elaboración do panel de recomendacións e a colaboración na elaboración de cartelería.

Ademais, terán cabida as actividades que demanden os diferentes niveis e departamentos e daráselle apoio a diversas actuacións interdisciplinares, como a Semana da Ciencia.

Outras actividades que contribúen a mellorar a convivencia no centro son:

- ➔ Cine na biblio: Proxección de filmes relacionados co lema do centro deste curso “A cova dos mitos”, con carácter trimestral. Entre as propostas, atopamos Hércules de Disney (versión animada), Harry Potter, El viaje de Chihiro, Crónicas de Narnia...
- ➔ Mes da Ciencia en galego: durante o mes de novembro, farase unha exposición con figuras galegas destacadas na Ciencia. Tamén se realizarán os venres científicos, coa proxección de curtametraxes científicas en galego os recreos de Ed. Secundaria (na propia biblioteca ou no Salón de Actos, segundo a dispoñibilidade do espazo).
- ➔ Concurso de Dobble para o alumnado de Ed. Secundaria e o profesorado, durante a segunda avaliación nos recreos.
- ➔ Concurso de ortografía na segunda avaliación, con categoría de alumnado e adultos.

NOTA: Todas as actividades da biblioteca estarán supeditadas ás obras de ampliación da mesma, que se estima se realicen na 1ª avaliación. Gañarase espazo anexionando unha aula e tamén se creará unha cabina para situar a radio. Isto permitiranos a inclusión da radio como actividade clave para mellorar a expresión oral e escrita do alumnado, coa gravación de *podcast* literarios entre outros.

6.Avaliación

A avaliación permitirá coñecer os aspectos a mellorar da nosa organización, así como valorar o propio funcionamento da nosa Biblioteca. Realizaremos enquisas sobre o uso da Biblioteca entre o alumnado de Ed. Secundaria e as familias Asemade, coa información recollida en horario de tarde polo persoal de garda, analizaremos o número de persoas usuarias en horario de tarde, o seu interese, motivación para asistir, usos,... Terase en conta o número de persoas participantes nas distintas actividades para a súa renovación ou modificación.

7.Recursos humanos

A coordinadora da Biblioteca será Iria Chapela Malvido. Equipo participante: Infantil: Mónica Rodríguez

Primaria: Rafael Cid, Mercedes Coto, Ana Patricia Elías, Amparo Otero, María Esperanza Paniagua.

Secundaria: MªIsabel Martínez, Carla Iglesias, Rubén Nogueira, Dolores Torres.

Realizaranse as reunións pertinentes para a organización das distintas actividades programadas.